

PERSOAL

MLP/egp

Ref#: 12drconvocatoria1TecnSupInformatica.doc

Asunto: Convocatoria 1 praza de Técnico Superior Informática - q.l

DECRETO NÚMERO: 12002048

**Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde
Presidente do Excmo. Concello de Lugo.**

Lugo, dezaseis de marzo de dous mil doce.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 21.12.2011, aprobou a Oferta de Emprego Público para o ano 2011, publicándose no Boletín Oficial da Provincia número 295 de data 27.12.2011.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 7.03.2012, aprobou as bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Técnico/a Superior en Informática pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, incluída na referida Oferta de Emprego.

Esta Alcaldía, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como do acordo nº 2/444 da Xunta de Goberno Local, do 27 de xuño do 2011, en relación cos Decretos nºs. 60/2011 e 70/2011 do Libro de Resolucións da Alcaldía: Actas e Goberno e Normalización Lingüística, do 23 de xuño e 18 de xullo, respectivamente, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de oposición, para o acceso en propiedade a **unha praza de Técnico/a Superior en Informática**, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, que se rexerá tanto polas Bases Xerais para o acceso en propiedade a plazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 18.06.2008, publicadas no BOP número 157 de 9.07.2008 (modificadas polo citado órgano en sesión do 18 de febreiro de 2009, modificación que foi publicada no BOP número 051, do 4 de marzo de 2009) e polas bases específicas aprobadas por dito órgano na sesión do 7.03.2012, que seguidamente se transcriben:

**“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA
PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR DE INFORMÁTICA PERTENCENTE Ó
CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE
LUGO, QUENDA LIBRE:**

PERSOAL

MLP/egp

Ref#: 12drconvocatoria1TecnSupInformatica.doc

Asunto: Convocatoria 1 praza de Técnico Superior Informática - q.1

1º.- **OBXECTO.**- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a unha praza de Técnico/a Superior de Informática, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesión do 18 de febreiro de 2009.

O órgano competente da Corporación poderá adscribir ó/á aspirante nomeado/a, a través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- a) Denominación da praza: Técnico/a Superior en Informática
- b) Grupo de titulación: GRUPO C (subgrupo C1)
- c) Outras características:
 - Escala: administración especial
 - Subescala: técnica
 - Clase: auxiliar

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.** O sistema selectivo será o de oposición.

4º.- **TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:** Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos en Rede (CSIFC01), Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas (CS14001), Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos, Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Web ou Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

Ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirlle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame

PERSOAL

MLP/egp

Ref^o: 12drconvocatoria1TecnSupInformatica.doc

Asunto: Convocatoria 1 praza de Técnico Superior Informática - q.1

para este grupo están fixadas en 15,15 €, de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en calquera das oficinas de Caixa Galicia, no número de conta 2091 0152 26 3110001309.

De conformidade, así mesmo, co previsto no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o importe da taxa por dereitos de exame poderá facerse efectivo mediante xiro postal ou telegráfico ou mediante transferencia á conta enriba sinalada.

6º.- PROCESO SELECTIVO

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza a que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO:

PRIMEIRO EXERCICIO. Teórico: consistirá en contestar por escrito un cuestionario composto por 20 preguntas relativas tanto ó contido do programa de materias comúns como da parte de materias específicas. Este cuestionario estará composto por preguntas con tres respostas alternativas, sendo unha delas a correcta. O tempo máximo para a realización deste exercicio é de 30 minutos. Cada pregunta contestada correctamente terá unha puntuación de 0,5 puntos. A mal contestada restará 0,166, puntuando con 0 puntos a deixada en branco. Para superar este primeiro exercicio e pasar ó segundo, deberá acadarse polo menos unha puntuación de 5 puntos.

O temario de materias comúns intégrano 8 temas, e figuran na base décimo sexta das bases xerais xa mencionadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre.

SEGUNDO EXERCICIO. Teórico: Desenvolvemento por escrito de tres temas extraídos ó chou, un tema do primeiro bloque e dous temas do segundo bloque en que se divide o temario de materias específicas. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 2 horas.

TERCEIRO EXERCICIO. Práctico: consistirá en realizar, durante un período máximo de 60 minutos, un suposto práctico que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza destas prazas.

PERSOAL

MLP/egp

Refº: 12drconvocatoria1TecnSupInformatica.doc

Asunto: Convocatoria 1 praza de Técnico Superior Informática - q.1

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que aterse ó disposto na base décimo cuarta letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Bloque I. Lexislación, tecnoloxía básica, sistemas e comunicacións

1. A protección de datos persoais. A Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal e normativa en desenvolvemento. A Axencia de Protección de Datos: competencias e funcións.
2. Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
3. A Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. A xestión electrónica dos procedementos administrativos: rexistros, notificacións e uso de medios electrónicos.
4. O Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, que regula o esquema nacional de seguridade. Principios básicos, requisitos mínimos, categorización. Medidas de seguridade e auditoría.
5. Informática básica. Concepto de datos e información. Concepto de sistema de información. Elementos constitutivos dun sistema. Características e funcións. Arquitectura de computadores. Elementos básicos. Funcións. A unidade central de proceso. A memoria principal.
6. Periféricos. Conectividade. Elementos de impresión. Elementos de almacenamento. Elementos de visualización e dixitalización.
7. Sistemas operativos. Características e elementos constitutivos. Sistemas Windows. Sistemas Unix e Linux. Administración do sistema operativo e software de base. Funcións e responsabilidades.
8. Sistemas de xestión de bases de datos relacionais. Características e compoñentes. Sistemas de xestión de bases de datos orientados a obxectos. Administración de bases de datos. Funcións e responsabilidades.

PERSOAL

MLP/egp

Ref#: 12drconvocatoria1TecnSupInformatica.doc

Asunto: Convocatoria 1 praza de Técnico Superior Informática - q.1

9. Comunicacions. Medios de transmisión. Modos de comunicación. Equipos terminais e equipos de interconexión e conmutación.
10. Redes de área local. Tipoloxía. Xestión de usuarios. Xestión de dispositivos.
11. Conceptos de seguridade dos sistemas de información. Seguridade física. Seguridade lóxica. Ameazas e vulnerabilidades.
12. Sistemas de comunicación. Frame Relay, ATM, RDSI, xDSL. Sistemas se fíos.
13. O modelo de referencia de interconexión de sistemas abertos (OSI) ISO. Protocolos TCP/IP.
14. Internet. Orixe, evolución e estado actual. Servizos: correo electrónico, WWW, FTP, Telnet. Protocolos HTTP, HTTPS e SSL.
15. Seguridade e protección en redes de comunicacións. Sistemas de cortalumes. Redes privadas virtuais (VPN).

Bloque II. Desenvolvemento de sistemas

1. Concepto do ciclo de vida dos sistemas e fases. Xestión do proceso de desenvolvemento. Planificación do desenvolvemento. Determinación de requirimentos. Análise e prototipos.
2. Modelo conceptual de datos. Entidades, atributos e relacións. Regras de modelización. Diagramas de fluxo de datos. Regras de construción. Descomposición en niveis. Fluxogramas. Validación e construción de modelos de datos.
3. Deseño de bases de datos. A arquitectura ANSI/SPARC. O modelo lóxico relacional. Normalización. Deseño lóxico. Deseño físico.
4. Linguaxes de programación. Representación de tipos de datos. Operadores. Instrucións condicionais. Bucles e recursividade. Procedementos, funcións e parámetros. Vectores e rexistros. Estrutura dun programa.
5. Estructuras de datos. Táboas, listas e árbores. Algoritmos: ordenación, procura. Grafos. Organizacións de ficheiros.
6. Linguaxes de interrogación de bases de datos. Estándar ANSI SQL.
7. Deseño de programas. Diagramas estruturados. Análise de transformación e de transacción. Cohesión e axuste.
8. Arquitectura cliente/servidor. Modelo de 2 capas. Modelo de 3 capas. Compoñentes e operación. Arquitecturas de servizos web (WS).
9. Aplicacións Web. Tecnoloxías de programación: servlets, JSP. Servidores de aplicacións: Apache Tomcat.
10. Aplicacións Web. Linguaxes de descrición de datos. HTML, XML, CSS.
11. Arquitectura SOA. Servizos Web: estándares e protocolos asociados. Interoperabilidade e seguridade en servizos Web.
12. Características, elementos e funcións en contornas Java. A arquitectura JEE. Características de funcionamento. Elementos constitutivos.

PERSOAL

MLP/egp

Ref#: 12drconvocatoria1TecnSupInformatica.doc

Asunto: Convocatoria 1 praza de Técnico Superior Informática - q.l

13. Deseño e programación orientada a obxectos. Conceptos. Elementos: obxectos, clases, herdanza, métodos. A linguaxe de modelado unificado (UML).
14. Conceptos de administración electrónica: certificados electrónicos. Sinatura electrónica. Selado de tempo. Notificación electrónica. Oficina virtual. Rexistro electrónico. Modelización de procedementos administrativos. Xestión documental.
15. Proxectos W@nda e Trew@. Ferramentas @firma, port@firmas @ries, Notific@, Solicit@ e Model@ para administración electrónica. Xestor de contidos Alfresco.
16. Probas de sistemas. Planificación e documentación. Probas de caixa negra. Probas de caixa branca. Utilización de datos de proba. Probas de software, hardware, procedementos e datos.
17. Explotación de datos. Conceptos de DataWarehouse e Data Mining.”

SEGUNDO.- Sinalar que, de acordo co previsto na base novena das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, o prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

TERCEIRO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.